

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BARRO

Contratos administrativos

LICITACIÓN PARA ALUGUER DO “MUIÑO DE VALERIO” E EDIFICACIÓNS ANEXAS DESTINADAS A RESTAURACIÓN (PARQUE DE BAROSA).

Anuncio de licitación

O Pleno do Concello de Barro en sesión que tivo lugar o día 29 de novembro de 2016, aprobou o prego e o expediente para o aluguer do “Muiño de Valerio” e edificacións anexas destinadas á actividade de restauración, sitas na Ría de arriba no Parque de Barosa. Anúnciase a licitación coas características que se sinalan:

1.—Obxecto do Contrato:

- a) Aluguer de “Muiño de Valerio” e edificacións anexas.
- b) Tipo de licitación mínima: 250,00 € mensuais ou 3.000,00 euros/ano máis I.V.E.

2.—Tramitación:

- a) Procedemento: Aberto con varios criterios de adxudicación.
- b) Tramitación: Ordinaria.

3.—Garantías:

- a) Provisional: 250,00 euros.
- b) Definitiva: 2.000,00 euros.

4.—Proposicións e documentación:

- a) Prazo: 26 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOPPO.
- b) Lugar de entrega: No Rexistro Xeral do Concello.
- c) Horario: de 9,00 a 15,00 horas os días laborables.



5.—Apertura de plicas:

- a) Lugar e tipo: Acto público no salón de sesións da Casa do Concello.
- b) Data: O terceiro día hábil seguinte ó do remate de presentación de proposicións, se este coincidise en sábado trasladarase o seguinte hábil.
- c) Hora: 13,00 horas.

6.—Documentación:

A sinalada na base 11ª do Prego de Cláusulas Económico Administrativas. Utilizaranse os modelos de proposición e de sobres que recolle o anexo do citado prego.

7.—Obtención de documentación e información:

- a) Entidade: Concello de Barro.
- b) Domicilio: Santo Antoniño núm. 11—Perdecanaí.
- c) Localidad e Código Postal: Barro, 36194.
- d) Teléfono: 986 711 002.
- e) Fax: 986 711 001.
- f) Web: www.barro.gal.
- g) Data límite de obtención de documentación: A de presentación de ofertas.

8.—Outras informacións:***Criterios de adxudicación do concurso (art. 12 do Prego):***

- 1) Proposta económica: ata un máximo de 10 puntos. A puntuación efectuarase de forma proporcional ás propostas formuladas.
- 2) Proxecto de explotación da actividade que incluíra os servizos ofertados, horarios de atención ó público: ata un máximo de 2 puntos.
- 3) Experiencia en xestión de Servizos e proxectos similares: ata un máximo de 3 puntos.



9.—Gastos de anuncios:

Por conta do adxudicatario/a.

Barro, 21 de xaneiro de 2017.—O Alcalde, Xosé Manuel Fernández Abrales.

